

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DA COMARCA DO SAR - AMIPA PARA A CREACIÓN DUN CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EJERCICIO 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

AMIPA, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 1997/004641-1, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais có número E-1031.

A Asociación AMIPA é unha organización social de persoas con discapacidade intelectual e familiares con 28 anos de traxectoria no acompañamento a persoas con discapacidade intelectual na comarca do Sar, ao sur da provincia da Coruña.

Desde 1997 desenvolve a súa actividade en contornas rurais, promovendo a inclusión social, a participación comunitaria e a mellora da vida das persoas e das súas familias.

Actualmente xestiona un Centro Ocupacional no Concello de Rois, en funcionamento desde 2009, no que participan 24 persoas entre os 24 e os 72 anos. Ademais, desenvolve múltiples iniciativas comunitarias en colaboración co tecido social e empresarial da contorna e participa en proxectos de innovación social.

A misión de AMIPA é apoiar e acompañar as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias para acadar unha mellor calidade de vida, xerando oportunidades dende o respecto e a ilusión e promovendo a inclusión na comunidade nunha contorna rural.

O Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus.

O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron o acordo sobre o paquete de medidas que inclúe os fondos de NextGenerationEU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, creándose o Mecanismo Europeo de Recuperación e



Resiliencia, como instrumento de apoio aos Estados membros a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas para paliar os devastadores danos producidos pola COVID-19.

O Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sinala que os Estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acollerse a este e alcanzar os obxectivos establecidos e presentárase formalmente polos Estados, como moi tarde o 30 de abril de 2021.

En virtude da Resolución da Subsecretaría de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do 29 de abril de 2021, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación (*Boletín Oficial del Estado* número 103, do 30 de abril de 2021).

Este convenio encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixe/compoñente 22: economía dos cidadáns e reforzo das políticas de Igualdade e inclusión social, medida/investimento I1: Plan de apoios e coidados de larga duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía, submedida: transformación da rede de coidados de larga duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, e no cumprimento da normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, e quedan suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos do referido plan. Encádrase no proxecto "Renovación o construción de centros residenciais, no residenciais y de día para adaptar plazas al nuevo modelo de cuidados de larga duración, - Subproyecto del Objetivo 323 de la Comunidad Autónoma de Galicia".

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade coa Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual da Comarca do Sar-AMIPA a través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados da execución da reforma dun espazo físico para a creación dun centro de día destinado a persoas con discapacidade.

O centro está deseñado para atender a 10 persoas adultas con discapacidade intelectual, así como ás súas familias, cun enfoque personalizado e flexible.

1. Considéranse actuacións subvencionables os gastos derivados da execución por parte da entidade AMIPA, da reforma dun espazo físico para a creación dun centro de día destinado a persoas con discapacidade

2. En concreto, serán subvencionables as seguintes actuacións:

Execución das obras de reforma (adecuación do espazo cedido)..

3. Considerarase subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable pola entidade solicitante.



4. Non serán subvencionables os gastos aos que se refire o artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

As actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, así como o feito de que AMIPA é unha entidade especializada na atención a persoas con discapacidade, que da cobertura ás persoas residentes na Comarca do Sar. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

P.A. Disp. Adicional 1ª do Decreto 139/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27.05.2024)

O director Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

